

O PREGUNTÓN DO VENRES

EN BUSCA DA PALABRA PERDIDA



O encargado dun famoso restaurante está moi interesado na correcta alimentación dos seus clientes. Entón, deulle os seus cociñeiros unha serie de pistas para atopar unha das propiedades a conservar que deber ter presente na elaboración dos pratos. ¿Cál é?

INSTRUCCIÓN DE USO

- * Obter unha letra de cada definición.
- * Colocalas segundo a orde indicada.
- * É imprescindible identifica a palabra que corresponde a cadansúa definición.

DOCUMENTO GUÍA

1. Primeira letra da palabra que designa un organismo que se atopa na fronteira entre o vivo e o inerte. **VIRUS**
2. Inicial dunha palabra que nomea un elemento químico fundamental na dieta humana para evita-lo bocio. **iodo**
3. Inicial dun froito que procede de América; a súa planta é unha hortaliza empregada como ingrediente para elabora-la famosa salsa boloñesa. **TOMATE**
4. Inicial as subunidades nas que se dividen as proteínas. Vocal repetida dúas veces na palabra que estades a buscar e que coincide coa primeira letra desta palabra. **AMINOÁCIDOS.**
5. Primeira e cuarta letra dun froito que ten forma e cor semellante á pera, pero non o é, co cal se pode elaborar un doce que soe acompañalo queixo fresco nos prostres. **MARMELO**
6. Primeira vocal de dous nomes diferentes :
 - a. Enfermidade producida polo aumento da glicosa no sangue. **DIABETE**
 - b. Clase de pan ou galletas que se obtén dunha fariña que contén todo o salvado ou casca do gran. **INTEGRAL**
7. Inicial dunha froita orixinaria do Xapón; que é de pel amarela-laranxa, forma ovoide, pouco carnosa e varias sementes no seu interior. **NÍSPERA.**
8. Vocal que está tres veces na palabra que nomea a piña tropical. **ANANÁS.**

A PALABRA BUSCADA É

V	I	T	A	M	I	N	A
---	---	---	---	---	---	---	---